

A SAÚDE E O SISTEMA INMUNITARIO

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

1 Na cadea epidemiolóxica, o hóspede é:

- a. A persoa que contrae a enfermidade.
- b. O axente que produce a enfermidade.
- c. O animal que transporta o patóxeno.
- d. O patóxeno que vive no corpo do enfermo.

2 Os axentes que producen enfermidades son:

- a. Os microorganismos patóxenos.
- b. Os virus e algunhas bacterias.
- c. Algúns protozoos e fungos.
- d. Os tres anteriores son certos.

3 Un reservorio é:

- a. O animal que transporta o parasito.
- b. O lugar onde vive e se reproduce o patóxeno.
- c. O lugar onde vive pero non se reproduce o patóxeno.
- d. O axente patóxeno que causa a enfermidade.

4 Os antibióticos utilízanse para tratar as enfermidades producidas por:

- a. Bacterias.
- b. Virus.
- c. Fungos.
- d. Protozoos.

5 Cando o receptor dun tecido e o doador son a mesma persoa, denomínase:

- a. Xenotransplante.
- b. Alotransplante.
- c. Autotransplante.
- d. Ningún dos tres anteriores é válido.

6 A resposta inmunitaria inespecífica:

- a. Lévana a cabo os linfocitos.
- b. Nela interveñen os fagocitos.
- c. Actívase cando os microorganismos superan a resposta específica.
- d. Depende do tipo de microorganismo.

7 A resposta inmunitaria específica:

- a. É o primeiro mecanismo de defensa do sistema inmunitario.
- b. Lévana a cabo os monocitos e os neutrófilos.
- c. Os linfocitos B actívanse e producen anticorpos.
- d. Prodúcese sempre do mesmo xeito.

8 As vacinas:

- a. Curan as enfermidades infecciosas.
- b. Só se lles poñen a nenos e anciáns.
- c. Desencadean unha resposta inmunitaria inespecífica.
- d. Son preparados de virus e bacterias mortos ou atenuados.

9 A enfermidade de Alzheimer é do tipo:

- a. Metabólica.
- b. Dexenerativa.
- c. Hereditaria.
- d. Autoinmunitaria.

10 As enfermidades neoplásicas prodúcense:

- a. Por golpes ou torceduras.
- b. Pola deterioración progresiva dos tecidos.
- c. Por malformacións no feto.
- d. Cando unha célula se reproduce de forma incontrolada.